

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 28 DE ABRIL DE 2014.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Concelleiros:

D^a Ana María Abad López

D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro

D. José Manuel Balseiro Canoura

D. Marco López López

D^a M^a Rosario Balseiro López

D. Leandro Quelle Franco

D. Manuel Angel Meitin Rouco

D. Alberto Santos Vázquez

D. José Manuel López Hermida

D^a Cristina Iglesias Guerreiro

Secretario:

D. Luís M. Fernández del Olmo

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dez horas e trinta minutos do día vinteoito de abril de dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º).- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA DE DATA 10 DE FEBREIRO DE 2014. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ó borrador da acta da sesión plenaria de data 10 de febreiro de 2014.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-lo borrador da acta da sesión plenaria devandita.

2º).- CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2103. APROBACIÓN DEFINITIVA. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do ditame da Comisión Informativa de Contas de data 24 de abril de 2014 que a seguir se transcribe integramente:

“1º) CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2013. Por Secretaría dáse conta á Comisión do expediente da Conta Xeral do Presuposto Municipal correspondente ó exercicio de 2013, elaborada pola Interventora Municipal, integrada polos seguintes estados:

- *Balance*
- *Conta do resultado económico patrimonial*
- *Estado de liquidación do presuposto*
- *Memoria*

Inclúese igualmente no expediente de razón, a liquidación do presuposto municipal correspondente ó exercicio de 2013, aprobada por decreto de Alcaldía de data 30 de xaneiro de 2014.

Dáse conta igualmente que a Conta Xeral do 2013 unha vez ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 6 de febreiro de 2014 foi sometida ao preceptivo trámite de información pública mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 39 de data 17 de febreiro de 2014.

Obra no expediente certificación de Secretaría de data 18/03/2014 na que se acredita que no prazo de exposición pública non se presentou ningunha reclamación,

Enterada a Comisión, cos votos favorables dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, Iglesias Guerreiro e Meitin Guerreiro e coa abstención dos Sr. López López quen manifestan que se pronunciará no Pleno; acorda :

1º) Informar favorablemente, a Conta Xeral do Presuposto Municipal correspondente ó exercicio 2013 e dar traslado da mesma ao pleno corporativo para o seu coñecemento e, se é o caso, aprobación.

Enterado, o Concello Pleno, co voto favorable dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, Abad López, Meitin Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López, Meitin Rouco e Quelle Franco, e coa abstención dos Sres. López López, López Hermida e Santos Vázquez, acorda aproba-la Conta Xeral correspondente ó exercicio presupostario de 2013.

3º).- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Alcalde explícase a modificación do Regulamento a Ordenanza do epígrafe sinalando que se trata dunha modificación técnica, derivada da aplicación do disposto no Decreto 149/2013 de 5 de setembro.

Visto o informe favorable sobre da Comisión Informativa Especial de Contas de 24 de abril de 2014 relativa á modificación do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar.

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde manifestase que a modificación proposta obedece á necesidade de adapta-lo regulamento municipal ás disposicións contidas no decreto 149/2013 de 5 de setembro.

Rematado o debate, o Concello Pleno co voto favorable dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, Abad López, Meitin Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López, Meitin Rouco, Quelle Franco e Santos Vázquez e coa abstención dos Sres. López López e López Hermida, acorda aprobar inicialmente a modificación reflectida na proposta de Alcaldía obrante no expediente do Regulamento Municipal do Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Xove e sometela ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e no taboeiro municipal de anuncios, sinalándose expresamente que no suposto de non presentarse alegacións e/ou reclamacións no trámite de información pública, o presente acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo.

4º).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO OU RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Alcalde explícase a modificación da Ordenanza do epígrafe, sinalando que a finalidade da mesma é facilitar o cobro trimestral desta taxa, xunto coa da auga e saneamento.

Visto o informe favorable da Comisión Informativa Especial de Contas de 24 de abril de 2014 relativa á modificación da ordenanza do epígrafe.

O Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aprobar inicialmente a modificación reflectida na proposta de Alcaldía obrante no expediente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de Recollida de Lixo ou Residuos Sólidos urbanos e sometela ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e no taboeiro municipal de anuncios, sinalándose expresamente que no suposto de non presentarse alegacións e/ou reclamacións no trámite de información pública, o presente acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo.

5º).- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL AO 31-12-2013. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do expediente tramitado para a preceptiva rectificación do Inventario de Bens e Dereitos de Titularidade Municipal no que se reflicten as variacións habidas no mesmo durante o exercicio de 2013, engadindo as altas e baixas que por erro non foron incluídas no exercicio no que se aprobou “ex-novo” o Inventario.

Consonte ós datos obrantes no citado expediente, o cómputo do importe das altas minorado co importe das baixas, determinan un importe de 273.644,82 € polo que con data 31 de decembro de 2013 o Inventario de Bens e Dereitos de Titularidade Municipal acada un importe total de 11.700.519,70€.

Rematado o debate, a corporación por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-la rectificación do Inventario de Bens e Dereitos de Titularidade Municipal correspondente ó exercicio de 2013 nos termos anteriormente transcritos.

6º).- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº: 3/2014 POR IMPORTE DE 65.400'00 €. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO

Por Secretaría dáse conta á Corporación do expediente do epígrafe.

Polo Sr. Alcalde explícanse os aspectos máis salientables do expediente recollidos na memoria obrante no mesmo.

Polo Sr. López López manifestase que o BNG está de acordo con dúas das actuacións que motivan o expediente, agás a dotación de financiación municipal para a obra do sistema de calefacción do Centro de Saúde, xa que considera que dita obra é competencia do SERGAS.

Pola razón exposta, o Sr. López López manifesta que o seu grupo vai votar en contra.

Rematado o debate, o Concello Pleno co voto favorable dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, Abad López, Meitín Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López, Meitín Rouco, Quelle Franco e Santos Vázquez e co voto en contra dos Sres. López López e López Hermida, acorda aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 3/2014 do Orzamento Municipal de 2014 por importe de 65.400'00 € reflectido na proposta de Alaldía anteriormente transcrita; sometelo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 15 días mediante anuncio a insertar no taboleiro municipal de anuncios e a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sinalándose expresamente que no suposto da non presentación de alegacións ou reclamacións no citado prazo, o presente acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo.

7º).- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº: 4/2014 POR IMPORTE DE 37.339'41 €. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO

Por Secretaría dáse conta á Corporación do expediente do epígrafe.

Polo Sr. Alcalde explícanse os aspectos máis salientables do expediente recollidos na memoria obrante no mesmo.

Enterado, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 4/2014 do Orzamento Municipal de 2014 por importe de 37.339'41€ reflectido na proposta de Alaldía anteriormente transcrita; sometelo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 15 días mediante anuncio a insertar no taboleiro municipal de anuncios e a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sinalándose expresamente que no suposto da non presentación de alegacións ou reclamacións no citado prazo, o presente acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo.

8º).- PLANS ORZAMENTARIOS 2015-2017 (Art. 29 da LO 2/2012, de 27 de abril). DAR CONTA.

Por Secretaría dáse conta do expediente do epígrafe, e pola Interventora Municipal explícanse os aspectos máis salientables do mesmo.

Os efectos do disposto no Art. 29 da Lei Órgánica 2/2012 de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, o Concello Pleno dáse por enterada dos plans orzamentarios correspondentes ó período 2015-2017.

9º).- INFORME DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN, CORRESPONDENTE Ó 1º TRIMESTRE DO EXERCICIO 2014, OS EFECTOS NO PREVISTO NO ART. 4 DA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO. DAR CONTA.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do expediente do epígrafe, obrante no expediente.

Pola Interventora Municipal explícanse os aspectos máis salientables do mesmo.

O Pleno Corporativo dáse por enterado.

10º).- ROGOS E PREGUNTAS.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do rogo presentado polo Grupo Municipal do BNG que a seguir se transcribe íntegramente:

Marco López López, concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente, presenta o ROGO que segue:

Que desde do Concello de Xove se deixe de faltar á verdade en relación ás continuas manifestacións por parte da alcaldía xustificando o seu salario no feito de que “os do Bloque votaron a favor” cando se aprobou. Para este fin, e debido a que non sabemos se isto responde a un episodio de amnesia temporal ou a unha acción maliciosa, transcribimos literalmente a intervención deste grupo municipal no pleno celebrado o 17/06/2011 e que consta na acta que se levantou ao efecto:

«...que o BNG considera totalmente excesivas as dedicacións que se propoñen, tendo en conta as características do Concello de Xove, como poden ser o seu número de habitantes e a plantilla de persoal de que dispón o Concello, e mesmo tendo en conta unha análise comparativa coa xestión de Concellos limítrofes ó de Xove. Neste sentido, o BNG considera que dúas dedicacións exclusivas son máis que suficientes para xestionar correctamente a administración municipal.

Remata a súa intervención o Sr. López Hermida, sinalando que a súa intervención refírese única e exclusivamente ó número de adicacións exclusivas que se propoñen, xa que a contía das retribucións que se pretenden cobrar polos concelleiros liberados, é unha cuestión de ética política, e mesmo persoal do Partido Popular e de cada un dos concelleiros afectados.

Polo Sr. López Hermida sinalase que as xustificacións do Sr. Alcalde son admisibles e razoables, pero no fondo fan dudar das promesas de austeridade que día tras día están a proclamar os dirixentes do Partido Popular.»

Polo Sr. Alcalde contestase que poderá ter moitos defectos, pero que a memoria aínda non lle falla, e en relación co rogo presentado polo BNG, simplemente considera necesario lembrar que tal e como se reflicte no punto 10 da sesión plenaria celebrada o día 17 de xuño de 2011, o BNG votou favorablemente á dedicación exclusiva é as retribucións do Alcalde-Presidente do Concello de Xove.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde, sinalando que as reformas da administración local, previstas na Lei estatal, estánse a revisar para a súa aplicación en Galicia, sinalando que non parece moi lóxica a postura do BNG de utilizar ditas reformas según lle convén en cada caso.

Polo Sr. López López manifestase que quere deixar constancia na acta da sesión de que o BNG ten formulado un rogo, e non unha pregunta.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as once horas e dez minutos, levántase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo

